

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DA PEROXA PARA A ILUMINACIÓN DO CASTELO DA PEROXA

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, **Manuel Galdo Pérez**, secretario xeral da Presidencia, en substitución da persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia por vacante do posto, en virtude da Orde do 22 de agosto de 2016 (DOG 25/08/2016).

Doutra parte, _____, en nome e representación como Alcalde Presidente do Concello de A Peroxa, segundo o disposto no artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Todas as partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Que tal e como establece a Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, a Xunta de Galicia, propiciará unha ordenación racional, equilibrada e sustentable dos recursos turísticos co obxectivo de garantir o equilibrio territorial e, para conseguir este fin, establecerá as pertinentes canles de cooperación con outras administracións tanto estatais como autonómicas e locais, así como co sector privado.

Que a Axencia de Turismo de Galicia é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo.

A Axencia de Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, como un factor de crecemento económico, polo que entre as súas prioridades está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen conseguir este obxectivo.

Segundo.- Que as entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, competencias en materia de patrimonio histórico-artístico e protección do medio ambiente.

Terceiro.- Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, está a de cooperación e colaboración, as cales se poden levar a cabo mediante a formalización de convenios. Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia, acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas das entidades locais.

Cuarto .- O obxectivo desta actuación é a posta en valor do castelo da Peroxa que está situado nun outeiro sobre o regueiro Rial e ocupa o lugar dun antigo asentamento castrexo. De orixe descoñecida, hai autores que sitúan a primeira construción no ano 793, durante o reinado de Afonso II. No ano 1370 pasou a Pedro Ruiz Sarmiento, primeiro señor de Ribadavia. No século XV foi destruído polos Irmandiños. Ao longo dos séculos, os veciños da Peroxa foron vasalos dos condes de Ribadavia, Maceda, Vilamarín e do mosteiro de Sobrado dos Monxes. Na segunda década do s. XX mercouno Artemiro Fernández quen vendeu as pedras da Torre da Homenaxe e boa parte dos muros para a contrución da igrexa parroquial. Construído en perpiaño granítico, ten planta poligonal reforzada por catro torreóns semicirculares. Nun dos torreóns, situado xunto á porta de entrada, ábrese unha seteira. No interior pódese ver un alxibe.

O castelo da Peroxa atópase Inventariado no Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta Catalogado (Catálogo da Xunta e dos PXOM).



Actualmente o Castelo da Peroxa carece de calquera tipo de alimentación eléctrica de carácter fixo, polo que para calquera acontecemento ou actuación que se execute no seu recinto ou proximidade, debe contar con subministro eléctrico ocasional, aportado por grupos electrógenos portátiles. Para solucionar esta situación precísase dotar a este recinto de instalacións fixa de iluminación auxiliar.

Sexto.- As partes asinantes deste convenio están interesadas en colaborar para a posta en valor do castelo da Peroxa mediante a súa iluminación.

En virtude do exposto, as partes consideran de interese a sinatura deste convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste convenio é a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello de A Peroxa para a realización das obras de iluminación e instalacións eléctricas asociadas do castelo da Peroxa.

SEGUNDA.- Orzamento

O orzamento estimado para a execución das accións obxecto deste convenio ascende a 49.710,07€, que se distribúen do seguinte xeito:

ORZAMENTO	CUSTE
Acometida eléctrica	16.097,72 €
Cadro de protección e medida	508,98 €
Instalación de iluminación e cadros de mando	17.771,38 €
Xestión de residuos	145,19 €



TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL	34.523,27 €
Gastos Xerais (13 %)	4.488,03 €
Beneficio Industrial (6%)	2.071,40 €
SUMA EXECUCIÓN MATERIAL, G.X. E B.I.	41082,69 €
IVE (21%)	8.627,36 €
TOTAL ORZAMENTO CONTRATA	49.710,07 €

A Axencia Turismo de Galicia achegará a cantidade de corenta e nove mil setecentos dez euros con sete céntimos (49.710,07 €) con cargo á anualidade 2016 na aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0, código de proxecto 2015 00006, procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións será do 100% do orzamento máis arriba indicado, sen que o concello da Peroxa obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega do ano 2016.

TERCEIRA.- Compromisos da Axencia Turismo de Galicia

A **Axencia Turismo de Galicia** comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións por importe de 49.710,07 €, para compensar os custos nos que vai incurrir o concello da Peroxa no desenvolvemento das actuacións previstas

De acordo co artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a Axencia Turismo de Galicia poderá realizar a súa achega mediante anticipo do 100% da mesma, unha vez asinado o presente convenio.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia o concello da Peroxa queda exonerado da constitución de garantía.

CUARTO.- Obrigas do Concello da Peroxa

O Concello da Peroxa comprométese a cumprir as obrigas citadas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en concreto as seguintes:

1. Levar a cabo as accións obxecto do convenio.
2. Executar a totalidade do orzamento na cantidade de 49.710,07 €, así como xustificalo.
3. Supervisar as actuacións obxecto do convenio, así como a súa execución.
4. Solicitar os permisos e autorizacións pertinentes para a súa execución.
5. Incluír en toda a documentación e soportes da obra que se realice, que esta conta coa colaboración da Xunta de Galicia - Turismo de Galicia, utilizando a marca Galicia regulada polo Decreto 121/2011, do 16 de xuño, así como no cartel de obra correspondente con indicación da contía aportada pola Axencia Turismo de Galicia.
6. Reintegrar, total ou parcialmente, a axuda percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas no presente convenio.
7. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
8. Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
9. Presentar, con anterioridade á sinatura do presente convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia, que no caso do concello da Peroxa poderán substituírse pola declaración responsable do concello de estar ao corrente coas referidas obrigas, de conformidade co disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009.

10. Acreditar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais do último exercicio, conforme o indicado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

QUINTA.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

SEXTA.- Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir o Concello da Peroxa para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Concello da Peroxa, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a lles facilitar aos organismos de auditoría e

control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

SÉTIMA. Xustificación de fondos e pagamento.

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que deberá conter:

- a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/alcaldesa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1º. O cumprimento da finalidade da subvención.

2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación de obra de se lo caso, importe data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo

48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de se lo caso dos criterios de repartición dos custos xerais e/o indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo de acordo co artigo 8 do dito Decreto 193/211, de 6 de outubro, a conta xustificativa debe incluír a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas ás facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a fundación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos realizados a partir do 1 de xaneiro de 2016.

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 30 de novembro de 2016.

De non xustificarse o importe total do orzamento previsto na cláusula segunda, a contía que se obriga a aportar a Axencia Turismo de Galicia minorarase en proporción ao importe xustificado polo concello da Peroxa.

Non obstante, non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

OITAVA.- Comisión de seguimento

Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio constituirase unha comisión paritaria, formada por dous representantes da Axencia Turismo de Galicia e dous representantes do concello da Peroxa, que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará

cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir que as competencias se exercen de forma coordinada.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA.- Relación contractual

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

DÉCIMA .- Xurisdición competente

Este convenio de colaboración está excluído do ámbito do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público en virtude do establecido no seu artigo 4 c), non obstante, os principios do citado Real decreto lexislativo serán de aplicación para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran xurdir, tal e como se establece no citado artigo.

É de aplicación a este convenio o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que aproba o regulamento que a desenvolve así como o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola Axencia Turismo de Galicia, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, contra eles poderá

interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

UNDÉCIMA.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a suscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DUODÉCIMA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O cumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

DÉCIMO TERCERA – Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o 30 de novembro de 2016, e financiará gastos correspondentes ás accións desenvolvidas desde

o 1 de xaneiro de 2016 ata o remate da súa vixencia para o cumprimento dos obxectivos nel establecidos.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubrícano por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

O/a director/a da Axencia de Turismo de
Galicia

O alcalde do Concello da Peroxa

PS (Orde 22/08/2016.DOG 25/08/2016)

O secretario xeral da Presidencia

Manuel Galdo Pérez

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DA PEROXA PARA A ILUMINACIÓN DO CASTELO DA PEROXA

En Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, a directora da Axencia Turismo de Galicia, **D^a M^a Nava Castro Domínguez**, directora da Axencia de Turismo de Galicia en virtude do Decreto 159/2016, do 24 de novembro no exercicio das facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, _____, en nome e representación como Alcalde Presidente do Concello de A Peroxa, segundo o disposto no artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que o 14 de setembro de 2016 foi asinado un convenio de colaboración que regula a subvención, mediante concesión directa, da Axencia Turismo de Galicia ao concello da Peroxa, para a realización das obras de iluminación e instalacións eléctricas asociadas do castelo da Peroxa.

SEGUNDO. Na cláusula sétima e décimo terceira establécese que os prazos de xustificación e vixencia, respectivamente, rematan o 30 de novembro de 2016.



CUARTO. Ante a insuficiencia do prazo para executar as actuacións dentro das datas inicialmente sinaladas e co fin de dar debido cumprimento ao obxecto do convenio, cómpre ampliar os prazos de vixencia e xustificación das accións a desenvolver.

Por estes motivos, acórdase celebrar a presente addenda que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Modifícase a cláusula décimo terceira do convenio para ampliar o prazo de vixencia ata o 15 de decembro de 2016. Así mesmo tamén se modifica a cláusula sétima para ampliar o prazo de xustificación da aplicación dos fondos percibidos por parte do concello da Peroxa ata o 15 de decembro de 2016.

Segunda. Condicións

Esta addenda rexerase polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Lida polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado nesta addenda, asínana e rubrican por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

A directora de Turismo de Galicia

O alcalde-presidente do concello da Peroxa

M^a Nava Castro Domínguez